

De: COV Pontevedra pontevedra@colvet.es

Enviado: martes, 12 de mayo de 2020

Para: dx@crtg.gal; produccion@setemedia.com

Cc: Gabinete - Consellería de Sanidade; Presidencia, Conselleiro; Secretaria Consellería do Medio Rural; gp-pp@parlamentodegalicia.gal; gp-socialista@parlamentodegalicia.gal; gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal; gp-bng@parlamentodegalicia.gal; gp-mixto@parlamentodegalicia.gal; cma, Consellería

Asunto: Rectificación Malicia Noticias -Veterinarios

Boas tardes, son Luis Núñez Desiré e lles escribo en calidade de Presidente do Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra tras ter recibido varias queixas dos nosos colexiados sobre os contidos do programa "Malicia Noticias" (Programa 81) emitido no día de onte na TVG no cal entre outras frases os presentadores dixeron :

“veterinarios loitando contra unha pandemia, ten menos lóxica que David Bisbal dando clase de filoloxía galega”,

“capar unha gata ou meter o brazo polo cu a unha vaca, tampouco vos convirte en lexionarios”

“veterinarios loitando contra unha pandemia, ¿qué será o próximo? ¿humoristas informando sobre noticias?”.

<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/programa/malicia-noticias> (a partir minuto 8:30)

A verdade que non sei si foron improvisacións dos “humoristas” ou si son frases escritas polos guionistas do programa, pero a vista do seu descoñecemento da nosa profesión, o desprestixio e falta de respecto cara o noso colectivo amosado dende unha televisión pública (polo tanto é sufragada polos impostos de todos os galegos entre os cales obviamente se inclúen os máis de 3.000 veterinarios de Galicia) considero oportuno darlle unha serie de datos sobre o COVID, as zoonoses e a nosa profesión.

En primeiro lugar sobre o COVID, para que se o trasladen os redactores, todo parece indicar que é de orixe animal, polo tanto sería unha zoonose que son as infeccións ou enfermidades do animal que son transmisibles ao ser humano en condicións naturais ou viceversa e segundo o fluxo da infección temos as antropozoonosis que é cando a enfermidade se transmite do animal ao home e as zooantroponosis cando se transmite da persoa ao animal.

O 60 % de enfermidades que sofre o ser humano son de orixe animal e o 75% das enfermidades emerxentes (enfermidades novas ou que aparecen por primeira vez nunha rexión ou zona onde non había casos previamente) son de orixe zoonótico, polo que e con estes datos non podemos chegar a outra conclusión que para o tratamento e prevención destas enfermidades esixe que sexa unha tarefa interdisciplinaria na cal deben colaborar de xeito conxunto médicos, zoólogos, veterinarios, enfermeiros e demais sanitarios.

Cando os redactores ou humoristas soltan comentarios mofándose sobre o posible papel dos veterinarios no control dunha pandemia, indicarlle e sen ánimo de ser corporativista, que o que si está demostrado historicamente é que cando unha enfermidade afecta ao conxunto dunha poboación esta enfermidade debe ser combatida desde unha perspectiva epidemiolóxica, na

que a detección precoz da enfermidade (que no caso do COVID 19 non se produciu) é fundamental, así como a elaboración de plans de continxencia fronte á mesma, actuacións sanitarias específicas nos enfermos e portadores, pautas xerais coa poboación global, implantar unhas medidas de bioseguridade proporcionadas á situación sanitaria da zona xeográfica etc.. , aspectos todos nos cales a profesión veterinaria ten unha experiencia e un coñecemento que se cadra se desaproveitou por parte das autoridades sanitarias de España e da nosa Comunidade Autónoma.

Voulle a dar unha serie de datos sobre a pandemia do COVID en Europa a través dun sinxelo esquema

| País | Poboación | Diagnosticados | Mortos | Curados |
|-------------|-----------|----------------------------------|----------------------|---------|
| Alemania | 83.106 | 172.576 (0,2 % da poboación) | 7.661 (0,00009 %) | 145.617 |
| Islas Feroe | 49.000 | 187 (0,0038 % da poboación) | 0 | 187 |
| España | 48.106 | 228.030 (0,47 % da poboación) | 26.920 (0,00056%) | 138.980 |

Polo tanto os resultados en canto a infectividade, patoxenicidade e virulencia da enfermidade en Alemania e as Illas Feroe son moito mellores que no noso país.

O Comité Científico do COVID-19 España como saben está sendo dirixido por Fernando Simón e forman parte do mesmo 6 expertos, catro médicos, un biólogo e un farmacéutico, pero posiblemente vostede descoñece que en Alemania o responsable da loita contra o Coronavirus é o veterinario Lothar Wieler e nas Islas Feroe o responsable é o tamén veterinario Debes Christiansen

Non imos a ser tan presuntuosos de afirmar que estes mellores resultados se deba exclusivamente a que á fronte da xestión do COVID 19 figuren veterinarios, sería simplificar moito os resultados, pero as cifras sobre a incidencia da pandemia entre estes tres países é clara, e algo farían ben os nosos colegas para ter uns mellores porcentaxes globais.

As frases vertidas no programa de onte, nun medio de comunicación público, cuestionando o papel dos veterinarios no control dunha pandemia e mesmo sobre as súas funcións o que amosa é un descoñecemento do noso labor, pensando que esta se circunscribe a tratar mascotas e animais produtores de alimentos, pero indicarlle que os veterinarios son os que controlan a seguridade de toda a cadea alimentaria, garantindo a inocuidade dos alimentos, velan polo benestar animal en explotacións, transporte e sacrificio, inspeccionan os animais e produtos alimenticios que se reciben e se exportan a terceiros países , controlan as zoonosis e a loita contra a resistencia aos antibióticos, accións medio ambientais etc.. , desenvolvendo estes labores tanto dende a Administración Pública (3 Ministerios e 4 consellerías teñen prazas específicas para veterinarios) como no exercicio libre da profesión.

Por último, decirlle que o feito de intentar ser un programa de humor ou como en Malicia Noticias se anuncian “noticario de humor que analiza a actualidade dun xeito moi diferente”

non lles da carta branca para caer na vulgaridade, na desinformación nin falta de educación, como deben saber a formación e a educación pode ser cara pero que se paga únicamente unha vez na vida, mentras que a mala educación e o descoñecemento se paga durante toda a vida.

Esperando unha rectificación pública dende a dirección do programa sobre as frases ditas no programa 81 de Galicia Noticias, reciban un cordial saúdo

Luis Núñez Desiré

Presidente COV Pontevedra

P.D Incluense en CC entidades e persoas que entendemos deben ter coñecemento do noso escrito de queixa e do contido do programa